

ANTONIO FRAGUAS

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS 1905 – 1999
OBRAS
AS IRMANDADES DA FALA
O PARTIDO GALEGUISTA
O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS
O HISTORIADOR E O XEÓGRAFO
O MESTRE
O ETNÓGRAFO
O BIBLIÓFILO
O DIRECTOR DO MUSEO DO POBO GALEGO



GUÍA DIDÁCTICA

Antonio Fraguas Fraguas

17 DE MAIO **DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019**

XUNTA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura e Turismo

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

Secretaría Xeral de Política Lingüística

IES Álvaro Cunqueiro, Vigo

Depósito legal: C 606-2019

Coordinadora

Estela Suárez Recouso

Autoría

Alba Domínguez Blanco

Xaime Estévez Vila

Susana González Vázquez

Susana Iglesias Rey

Juan Jerez Arias

Marga Romero Lorenzo

Liliana Saco Álvarez

Estela Suárez Recouso

Contouse coa colaboración do alumnado do IES Álvaro Cunqueiro de Vigo

Índice

Introdución.....	4
Biografía	5
Cartel 1: Antonio Fraguas Fraguas. 1905-1999.....	7
Cartel 2: Obra.....	9
Cartel 3: As Irmandades da Fala.....	11
Cartel 4: O Partido Galeguista.....	13
Cartel 5: O Seminario de Estudos Galegos.....	15
Cartel 6: O mestre	16
Cartel 7: O historiador e o xeógrafo	19
Cartel 8: O etnógrafo	22
Cartel 9: O bibliófilo	26
Cartel 10: O director do Museo do Pobo Galego.....	28
Bibliografía	31
Webgrafía.....	32

Introdución

O obxectivo desta guía didáctica é achegármonos á figura de Antonio Fraguas e á súa época desde unha perspectiva ampla e interdisciplinaria do coñecemento, como tamén o é a obra do polifacético persoeiro a quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas.

4

Antonio Fraguas é un referente da conxugación do saber tradicional co enciclopédico á hora de abordar o estudo da cultura galega, da posta en valor da tradición, do respecto pola orixe e da ansia por coñecer, conservar e seguir creando unha cultura propia. Compartir o seu pensamento, afondar nas súas obras e intentar seguir os seus pasos é algo que cómpre facer xermolar nos corazóns do noso alumnado, polo ben da nosa terra e da nosa lingua.

Neste proxecto as letras e as ciencias, con límites difusos xa na época do autor, únense a través de diferentes departamentos didácticos para amosar que tanto Fraguas como a súa obra se poden estudar desde diferentes puntos de vista. Ao xeito das xeiras do Seminario de Estudos Galegos, propomos unha guía didáctica na que a figura de Fraguas se aborda desde distintas disciplinas, e non exclusivamente desde o punto enfoque da lingua galega ou da literatura. Ademais destas, ciencias, matemáticas, historia, xeografía, música e mesmo unha lingua estranxeira achan o seu lugar na descuberta do Fraguas que vos ofrecemos a través desta guía.

Ocupa un lugar especial do que nos sentimos orgullosas/os o traballo das mulleres do seu tempo, aquelas que participaron das actividades das Irmandades da Fala ou no Seminario de Estudos Galegos. Foron mulleres afoutas, pioneiras de principios do século pasado, defendidas e apoiadas polos seus compañeiros. Quixemos que nestas actividades tamén ocupasen o lugar que a historia ás veces lles negou. Velaí vai a nosa homenaxe.

Concluimos parafraseando unhas coñecidas palabras de Antonio Fraguas. Son tamén a nosa declaración de intencións, o noso recoñecemento a un home bo e xeneroso, sempre co pensamento na nosa terra e na nosa cultura:

“A nosa modesta guía didáctica non é máis que un pequeniño gran de area no montón de estudos que, de seguro, se farán da figura de Antonio Fraguas. Traballamos sempre por e para Galicia. Puxemos nela toda a nosa ilusión, sen esperar nada a cambio máis que fomentar o amor á nosa terra.”

Biografía



A biografía de Antonio Fraguas Fraguas é un percorrido por boa parte da historia galega do século XX.

Naceu en 1905 en Insuela, unha aldea de Loureiro, Cotobade. Consta no Rexistro como fillo natural de Teresa Fraguas e ata os 8 anos foi ela quen coidou del, pois seu pai, Manuel Fraguas, canteiro de oficio, estaba emigrado

no Brasil. En 1912, este regresa, casa coa nai e recoñéceo como fillo.

Foi Teresa quen lle ensinou as primeiras letras, antes de ir á escola de Loureiro. A mamá Antonia, unha muller que vivía na súa casa, sería tamén unha verdadeira mestra para el, que lle transmitiu coplas, contos, oracións e outras manifestacións do noso patrimonio inmaterial.

O pai pretendía volver para O Brasil coa familia, mais o mestre da escola de Famelga, que viu no rapaz aptitudes para o estudo, aconselloulles que lle desen unha carreira.

Estudou o bacharelato no Instituto Xeral e Técnico de Pontevedra. Alí empezou a xermolar o seu interese pola cultura galega, da man de docentes como Antón Losada Diéguez, Castelao e Ramón Sobrino Buhigas. Foi un dos fundadores da Sociedade de Lingua, nada co obxectivo de defender o galego e elaborar un dicionario.

En 1924, comezou a carreira de Filosofía e Letras en Santiago de Compostela e ingresou nas Irmandades da Fala. Nestes anos empezou a colaborar co Seminario de Estudos Galegos, do que logo sería membro numerario. Participou nas súas xeiras para estudar as comarcas de Melide, O Deza, Fisterra e outras, realizando traballos de catalogación de castros e mámoas e estudos sobre xeografía.

Nestes tempos, de mocidade publicou os primeiros artigos en galego en *A Nosa Terra* e na revista *Nós*. Comeza así unha obra ampla e variada, con dúcias de libros e máis de 1.300 publicacións en revistas e xornais, nos que Galicia é o motivo esencial.

Tras rematar a carreira en 1928, empezou a exercer como profesor auxiliar de Xeografía e Historia na universidade e mais no Instituto Nacional de Segunda Ensinanza de Santiago de Compostela. En 1933 aprobou as oposicións e incorporouse ao instituto da Estrada onde impartiu clases ata 1936. Nestes anos participou en varios programas de Unión Radio Galicia, a primeira emisora galega,



afiliouse ao Partido Galeguista e participou activamente na campaña a prol do Estatuto de autonomía.

Coa Guerra Civil, foi suspendido de emprego e soldo e separado do ensino. En 1938 abriu en Compostela unha academia, a Menéndez Pelayo, para poder vivir. A partir de 1942, unha vez revisado o seu expediente de depuración, compatibilizou a dirección desta pasantía coa docencia na Facultade de Filosofía e Letras, que reclamara os seus servizos, ata que en 1950 volveu gañar unha praza de catedrático de instituto e foi destinado ao Instituto Masculino de Lugo. En 1959, conseguiu o traslado ao daquela Instituto Feminino Rosalía de Castro de Santiago, onde volveu compaxinar o ensino medio co universitario ata a súa xubilación en 1975.

6

Antonio Fraguas escribiu sobre xeografía; cultivou a historia na súa tese de doutoramento sobre o Colexio de Fonseca; realizou biografías de personaxes ilustres como Murguía ou Castelao; e fixo tamén achegas á arqueoloxía. Porén, o campo no que máis destacou foi o do estudo da cultura campesiña e, en especial, da súa parte espiritual. Festas, crenzas, romarías, cantigas, usos e costumes, ditos e refráns lendas, contos etc. aparecen nos seus ensaios e tamén nas súas conferencias que eran, en palabras do profesor Eiras Roel, non só amenos relatos, senón unha manifestación temperá e adiantada para Galicia do que hoxe se deu en chamar a historia das mentalidades.



Alternou o ensino coa investigación desde distintas institucións como o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos ou a Real Academia Galega, na que ingresou en 1956 co discurso “Coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade”.

En 1963 foi nomeado director do Museo Municipal de Santiago de Compostela e en 1976 participou na

creación do Museo do Pobo Galego. El foi o seu primeiro director e, logo do pasamento de Xaquín Lorenzo, presidente do seu padroado. Foi tamén, xa na Autonomía, coordinador da Sección de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega. Desde estas palestras colaborou en congresos e xuntanzas científicas que serviron de foro de debate e de posta ao día do universo da etnografía galega.

Recibiu, entre outras distincións, o Pedrón de Ouro, a Medalla Castelao, o Premio Trasalba, a Medalla ao Mérito Cidadán e Cultural do Concello de Santiago, o Premio de Investigación e o Premio das Letras e das Artes da Xunta de Galicia e o nomeamento de cronista xeral de Galicia.

Finou en 1999, con case 94 anos, e descansa no cemiterio de Boisaca.

Cartel 1: Antonio Fraguas Fraguas

- 1 Completa nesta liña do tempo as datas máis importantes na vida de Antonio Fraguas. Para iso, debes procurar información na biografía e mais nos carteis.

A timeline consisting of two horizontal lines with circular markers at specific years. Below each marker is a large, empty rectangular box for writing notes.

Top Timeline:

- 1905
- 1924
- 1928
- 1933
- 1933-1936
- 1936
- 1938

Bottom Timeline:

- 1942-1950
- 1950
- 1959
- 1975
- 1976
- 1992
- 1999

7

As mulleres xogaron un papel fundamental na vida de Fraguas. Desde ben cedo, Antonia, a muller que vivía na súa casa, achegouno á cultura popular a través de lendas e cantigas. Súa nai, María Teresa Fraguas, tamén tivo un papel decisivo na súa educación. Foi ela a que lle ensinou a ler e máis tarde a que apoiou a decisión de que o rapaz estudase unha carreira:

“Chegou á casa. Recordo que miña nai estaba sentadiña así, ó pé da porta; eu estábame vestindo. E chegou:

Nai: Que che quería don Antonio?

Pai: Que o rapaz vale para estudar e que se lle debía dar unha carreiraña.

Nai: Ai, pois si!

Pai: Alá vós.

Nai: Bueno, pois ti dille a don Antonio que se vales para estudar, que si.”

- 2 Reflexiona sobre as mulleres que coidaron de ti ao longo da túa vida. Que importancia cres que terán no teu futuro? Coidas que fan máis doado que acadas as túas metas?

- 3 Antonio Fraguas ao longo da súa vida percorreu diferentes lugares da xeografía galega. Relaciona os concellos coas comarcas que lles corresponden e sinálaas no mapa. Hai algún destes concellos que hoxe sexa distinto?

Concello	Comarca
1 Cotobade	
2 Pontevedra	
3 Santiago de Compostela	
4 A Estrada	
5 Lugo	



- 4 En Pontevedra, Antonio Fraguas foi alumno de Castelao. No seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, gabou a súa figura:

“Veño ocupar un lugar que quedou baleiro o 7 de xaneiro de 1950 cando alá lonxe, en Bos Aires, morreu Alfonso Rodríguez Castelao, o amigo Daniel [...]. Quizais fora mellor deixar vacante o seu posto deica que outro artista como el ou Rosalía viñera ocupar esta cadeira. Non debiera ser eu o destinado que son home de poucas letras e a quen a arte lle foi como foi o vento que canta nas ripas dunha cancela”.

Investiga quen era Castelao, que relación tivo Antonio Fraguas con el ao longo da súa vida e que quere dicir con estas palabras.

- 5 Olla a seguinte entrevista onde Fraguas relata as súas lembranzas e responde as preguntas:


<https://www.youtube.com/watch?v=y1k-VknUqdA>

- En que lugar naceu Fraguas?
- Quen substituíu na súa escola o catedrático de debuxo?
- Quen o presentou para afiliarse ás Irmandades da Fala?
- Por que o citaban en 1936 no xornal *Faro de Vigo*?
- Que pediu cando entrou na Real Academia Galega?
- Na entrevista afirma: “Os que estamos vivos é por un verdadeiro milagre”. Que lles ocorreu aos seus compañeiros e compañeiras?
- Fraguas ao final da súa vida gárdalle rancor a alguén?



- 6 No cemiterio de Boisaca, en Santiago de Compostela, Antonio Fraguas descansa a carón de Aurelio Aguirre, Ramón María del Valle-Inclán e Isaac Díaz Pardo.

- Busca información sobre estes persoeiros.
- Quen eran? Que teñen en común con Fraguas? Por que cres que están soterrados na mesma parte do cemiterio? É un lugar especial?



Cartel 2: Obra

- 1 A obra de Antonio Fraguas está espallada en libros, revistas e xornais. Procura nesta sopa de letras o nome de tres publicacións nas que aparecen os seus primeiros escritos. Le a súa biografía para descubrires se se trata dun xornal, unha revista ou un volume colectivo.

A	R	Q	U	I	V	O	S	A	S	
E	N	T	D	U	V	B	F	Ó	A	1 _____
Q	U	O	T	D	P	L	N	X	H	2 _____
A	E	H	S	A	C	A	Z	R	G	3 _____
Z	S	B	P	A	T	H	Q	V	I	
X	P	O	N	S	T	X	U	E	L	
D	G	U	I	G	P	E	I	S	P	
R	H	V	D	I	N	O	R	R	Ñ	
T	E	X	E	U	T	M	U	R	O	
R	E	T	P	O	L	N	H	T	A	

Antonio Fraguas, como moitos escritores do seu tempo, foi un autor prolífico que tratou diferentes eidos da cultura. Non escribiu ficción literaria, senón que a súa é unha prosa centrada en diferentes campos do saber, como a xeografía, a historia, a arqueoloxía, a biografía ou a etnografía.




- 2 Busca na rede títulos de obras de Fraguas que traten cada unha destas temáticas:

Xeografía	Historia	Arqueoloxía	Biografía	Etnografía

3 Asocia cada fragmento co título correspondente:

1 <i>Terra de Melide</i>	2 <i>Do Entroido</i>	3 <i>La Galicia insólita</i>
4 <i>Murguía. O patriarca</i>	5 <i>Preocupación polo tempo e os astros na creencia popular</i>	
6 <i>"Mámoas do Saviñao"</i>	7 <i>O culto ós mortos</i>	
"O meu amor teño preso sin cadea nin cordel, cunha folliña de ruda e un ramiño de prixel."	"O amor tente chuchado, mais vougo que unha canela; héiche de dar un rescrito para escorrentar as meigas."	
"Os dous xeitos de construción observados n-outras bisbarras galegas, o de cámara con esteios pouco espetados e o de cámara atuada fondamente, áchanse eiquí representados. O primeiro tipo pertence o megalito de Abuíme cuías chantas sobresain do nivel natural do monte de 1-80 a 1-50 metros e no segundo temos que clasificar a totalidade das antas da Morá."		
"O canto do cuco trai tempo moi soleado cando cuquea: <i>canta o cuco, tempo enxuto</i> , pero se vai cambear o tempo, duplica o canto decindo <i>cucú, tapa o cu</i> . Pra buscar o día da sementeira hai que escoitar o canto do pimpín que avisa: <i>fai pra ti, fai pra ti</i> ."		
"É o nome do manxar máis sinxelo e, sen dúbida, o máis antigo da mesa do carnaval. O petote non é máis ca unha masa de fariña de millo ben moída e algunha de centeo. Preparada a mestura, sepárase en anacos, e dándolle forma dun ovo ou de cilindro, cócese en auga."		
"Nai e filla paraban na casa dela, no ano 1856 estaban alí dende a Primaveira, e pensan moitos que foi nesa casa onde Eduardo Chao presentou a Murguía á rapaza que logo sería a súa dona, Rosalía de Castro."		
"As almas veñen a casa en días asinalados, como a noite boa, e por iso deixan moitos a mesa posta. En algúns sitios da provincia de Lugo é pecado barrer a casa pol-a noite porque se lle da pra tras ás almiñas que ven quentarse ô fogar. En Tui o día de defuntos botan un grande rachón ô lume pra que se quenten as almas."		
"Dende o Bocelo até a Ulla, as acrópoles protohistóricas inzan con tan forte prodigalidade que, sen esaxéro, pódese decir que é imposíbre percorrer un kilómetro por calquer camiño sen alcontrar algunha. [...] as entidades parroquiás que teñen o seu correspondente castro, pasan da metade."		

4 Fíxate nas diferentes cubertas das obras de Antonio Fraguas.



- Cres que representan con claridade o contido da obra?
- Debuxa unha cuberta alternativa para unha delas.

Ao longo da vida, Fraguas publicou multitude de artigos en xornais e revistas e mesmo chegou a ser director de *La Voz de Cotobad*, que só editou un número (en 1988 saírian do prelo varios números de *A Voz de Cotobade*, co título en galego).

5 Investiga para saber cando apareceu, que tipo de información contiña e por que só saíu do prelo un número.

- Existe na túa localidade un xornal que publique novas de interese para a comarca? De existir, en que lingua está?

6 Procura información na biografía da Real Academia Galega e asocia estes títulos de Fraguas cos lugares en que se publicaron:

"Sebastián González García-Paz. Notas da súa vida e do seu tempo", 1969	1 Caracas
"Paisaxe e historia nas conversas de D. Ramón Otero Pedrayo", 1958	2 Guimarães
"Dous romances de Galicia", 1946	3 Santiago de Compostela
Recensión do volume I de <i>Historia de Galiza</i> , de Ramón Otero Pedrayo, 1962	4 Buenos Aires

Antes da Guerra Civil, Antonio Fraguas escribiu unicamente en galego. Na posguerra, despois dunha etapa de silencio, volve escribir, agora en castelán. O primeiro texto que publica é "Juegos infantiles en Loureiro de Cotobade", en 1943.

- Tras a guerra, onde sae do prelo o seu primeiro texto en lingua galega? Cando volve publicar en galego na nosa terra? Por que razón cres que a partir de 1976 volve predominar o galego nos seus libros e artigos?



Exercicios sobre ciencias para saber máis:

https://asxeirasdefraguas.blogspot.com/2019/03/cartel-2_24.html

Cartel 3: As Irmandades da Fala

O Agrarismo foi un movemento reivindicativo do campesiñado galego do primeiro terzo do século XX. Loitaba contra o sistema foral e o caciquismo e promovía a renovación técnica do sector agrario.

1 Le a entrevista "Antón Fraguas Fraguas: cronista oficial de Galicia" que Ramón Latas lle fixo en 1995 (<http://encrucillada.gal/index.php?o=downloads&i=1137>). Logo contesta as seguintes preguntas:

- Cal é a relación de Antonio Fraguas co Agrarismo? Procura información sobre Joaquín Núñez de Couto.
- Cando e onde Fraguas pasou a formar parte das Irmandades da Fala?
- Antonio Fraguas pertenceu a unha asociación coas siglas SDL. Cales eran o seu nome e os seus obxectivos? Cando e por que tivo que facer desaparecer a súa insignia?

2 Investiga se na túa parroquia ou no teu concello quedan locais de antigas asociacións agrarias.

- Aparece algún símbolo na fachada do seu edificio?
- A que se dedican hoxe estes espazos? Quen ten a súa propiedade?

3 Procura información sobre as rebelións populares que houbo nas primeiras décadas do século XX en Oseira, Nebra (Porto do Son), Sofán (Carballo) e Sobreido (Guillarei, Tui).

4 No seguinte vídeo atoparás información abonda sobre as Irmandades da Fala. Mírao e responde as seguintes preguntas:



- Quen funda as Irmandades? Cando e en que lugar?
- Cal era o seu obxectivo?
- Onde se forman axiña novas irmandades?

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/as-irmandades-da-fala>

5 A Fraguas presentouno nas Irmandades Ramón Martínez López, na casa de Camilo Díaz Baliño. Procura máis información sobre eles e responde as seguintes preguntas:

- Quen era Ramón Martínez? Cal era a súa profesión?
- Que grupos de traballo compartiu con Fraguas?
- Quen era Camilo Díaz Baliño? De quen era pai?
- Cal foi o destino de ambos cando comezou a guerra en 1936?

6 Os homes das Irmandades son os primeiros que se recoñecen como nacionalistas, na I Asemblea Nacionalista que se realizou en Lugo en 1918. Procura en Internet o texto desta declaración.

- 7 Os membros das Irmandades posuían cadanseu carné. Na fotografía podes ver un deles. Búscalo na Rede e responde as preguntas.

- Fíxate nas frases que se inclúen na esquerda. Que ideas salientan?
- Repara no selo. Procura no Portal das Palabras sinónimos deste instrumento agrícola.
- Actualiza o carné das Irmandades da Fala e fai un para ti en versión dixital.



- 8 Co gallo do centenario da creación das Irmandades, en 2016 a Real Academia Galega, a Deputación da Coruña e o Museo do Pobo Galego organizaron unha exposición itinerante por toda Galicia que levaba por título *Saúde e Terra, irmá(n)s!*

- Accede ao seu tríptico na seguinte ligazón:
<https://academia.gal/documents/10157/720214/Saude+e+Terra+irma%28n%29s.pdf>
- Procura nel o porqué deste título e investiga tamén sobre o lugar que ocuparon as mulleres nas Irmandades da Fala.



13

Cartel 4: O Partido Galeguista

- 1 Para votar o Estatuto de autonomía de Galicia en 1936 foi moi importante a propaganda gráfica. Fíxate nos seguintes carteis e logo elabora un en homenaxe a ese primeiro estatuto.



- 2 Le o artigo sobre o galeguismo na Estrada que aparece na seguinte ligazón e responde as preguntas:

<http://www.tabeirosmontes.com/a-interrupcioacuten-traacutexica-do-galeguismo.html#>

- Quen intervén neste acto?
- Que acontece que vai ficar para sempre na memoria de Castelao?
- Cantas persoas votaron a favor do Estatuto na Estrada?
- Que sectores da poboación incrementaron a súa presenza no Partido Galeguista? Por que?

3 Fíxate neste fragmento no que se relata o que aconteceu na Estrada:

“Un grupo de estos galleguistas escoltado por varios falangistas, una noche fueron llevados por todo el pueblo cantando el *Cara al sol* y portando la bandera de Falange el mencionado profesor, para limpiar y hacer desaparecer –lo que no se consiguió–, el votade ó Estatuto, aún habiendo obligado a los que lo hicieron a emplear sosa cáustica, con lo que algunos tuvieron que sufrir quemaduras en las manos. Viven aún varios que lo recordarán.”

- A quen cres que se refire o texto co “mencionado profesor”?
- Por que cres que lle facían cantar o *Cara al sol* e portar a bandeira da Falanxe?
- Que lles obrigaban a limpar? Por que?

Coa represión exercida a partir de 1936, en Galicia moitas figuras fundamentais do mundo político e cultural galego que tomar o camiño do exilio para salvar as súas vidas; entre elas, estaban persoas relacionadas co Partido Galeguista, compañeiras e compañeiros de Antonio Fraguas.

4 Relaciona estas persoas co lugar onde se exiliaron. Logo, localiza os países no mapa.

Lois Tobío	Cuba
A. Daniel Rodríguez Castelao	México
María Miramontes	Venezuela
Maruxa Mallo	Arxentina
Ramón Martínez López	EE UU
Syra Alonso	Arxentina
Xosé Velo Mosquera	Uruguai
María Araújo	Arxentina



Tamén hai compañeiros e compañeiras de Fraguas que fican en Galicia. Algúns sobreviven condenados ao silencio, afastados dos seus cargos e da vida pública; outros foxen ao monte ou agóchanse na súa casa, emparedados ou baixo terra, para evitaren as represalias.

- 5 Fraguas non marcha ao exilio, fica en Galicia. Cales foron as consecuencias da sublevación franquista para el? Procura información na biografía da Real Academia Galega.
- 6 Oíches falar dalgún fuxido ou fuxida? Busca exemplos na túa familia ou comarca. Nun dos relatos de *Arraianos*, de Méndez Ferrín, aparece unha persoa agochada. Sabes cal é?

Cartel 5: O Seminario de Estudos Galegos

O Seminario de Estudos Galegos (SEG) foi unha institución que contribuíu á formación dun galego científico e á modernización do idioma para que puidese expresarse todos os campos do saber.

- 1 A placa que ves na imaxe lembra o nacemento do SEG en Ortoño, Ames (A Coruña). Pescuda na seguinte ligazón quen se reuniu no lugar e con que finalidade se crea a institución:

<https://www.sermosgaliza.gal/opinion/marga-do-val/no-noventa-aniversario-do-seminario-estudos-galegos/20131012162336019952.html>

- Inventar unha noticia dun xornal da época na que se recolla a información do nacemento do Seminario de Estudos Galegos.



- 2 Fíxate no escudo do SEG que aparece no cartel número 5. Foi deseñado por Castelao.

- Que pon o primeiro círculo? Por que se usa esa tipografía?
- No segundo círculo aparece unha frase en latín. Tradúcea.
- Que elementos aparecen debuxados no círculo central?
- Compara este escudo co oficial de Galicia. Que teñen en común? Investiga sobre o significado dese elemento común.



- 3 No cartel 5 podes ver unha foto na que aparecen os membros do Seminario de Estudos Galegos en Pontevedra, nas ruínas de San Domingos, en 1928. Adiviña quen é Antonio Fraguas. Consulta a Galipedia para saber quen son os persoeiros que o acompañan.

https://gl.wikipedia.org/wiki/Seminario_de_Estudos_Galegos

- 4 Un dos traballos máis importantes do SEG foron as xeirias. Consulta a seguinte ligazón para saber en que consistían e en que comarcas se realizaron. En cales participou Antonio Fraguas?

<http://literaturagalega.as-pg.gal/etapas/a-etapa-contemporanea-ii/o-seminario-de-estudos-galegos>

- 5 En 1933 ve a luz unha das publicacións máis senlleiras do Seminario de Estudos Galegos: *Terra de Melide*, obra colectiva dunha das súas xeirias.

- En que data viaxaron a Melide? De que tarefas se encarga Fraguas? En que editorial se publica o resultado?



- 6 Fraguas colabora con Cuevillas e Pura Lorenzana nun traballo de prehistoria. Que investigaron? Como titularon a súa achega e en que obra está incluída?

- 7 O SEG organizábase en seccións. Consulta na seguinte ligazón o contido de cada unha delas e o nome do seu coordinador.

https://academia.gal/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/id/189660

AS MULLERES E O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Ao longo dos seus 13 anos de vida (1923-1936), o SEG chegou a ter uns 200 socios activos e o dobre de socios protectores. Deles, moi poucos son mulleres. Só coñecemos o nome de 12 que figuran como socias activas, aínda que había algunha máis como socia protectora.

As mulleres que eran socias activas no SEG non formaron parte do Consello Director, non impartiron cursos ou conferencias, aínda que si asistiron ás xuntanzas, colaboraron no traballo das seccións e publicaron algún libro ou traballo.

- 8 Procura en <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=211> os nomes, as titulacións e as seccións ou publicacións nas que colaboraron estas mulleres.

- Por que cres que non houbo máis participación de mulleres na institución?
- Por grupos, escollede unha e realízade unha exposición sobre ela. Rematade cunha reflexión en gran grupo sobre as razóns de sabermos tan pouco delas.

Entre as mulleres do Seminario de Estudos Galegos podemos salientar o traballo científico de Dolores Lorenzo Salgado, Amparo Arango Fernández e Encarnación Fraga Padín en xeoloxía e de Celsa Pérez Moreiras en bromatoloxía. Esta última realizou varios estudos sobre o queixo, un produto básico da alimentación galega que se obtén grazas á bromatoloxía.



Exercicios sobre ciencias para saber máis:

<https://asxeirasdefraguas.blogspot.com/2019/03/cartel-5.html>

Cartel 6: O mestre

- 1 Escoita o programa da Radio Galega onde fan un repaso da traxectoria de Fraguas con expertas que analizan a súa obra. Préstalle especial atención á parte onde Malores Villaneva explica os atrancos que tivo Fraguas á hora de ser profesor (8:35 h - 11:35 h).

<http://www.crtvg.es/rg/destacados/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-09-01-2019-4005536?t=9>

- A que se refire Fraguas con “algunha paréntese especial”?
- En que ano gaña Fraguas a súa praza de catedrático?
- Que consecuencias ten para el a sublevación fascista de 1936?
- Por que Fraguas non conseguía aprobar a oposición despois de 1936?
- Finalmente, en que ano gaña de novo a súa cátedra?
- Cales foron os centros de ensino nos que traballou ata a súa xubilación?



- 2 Cando era profesor na Estrada, Fraguas catalogou, coa axuda do seu alumnado, boa parte dos castros e mámoas da zona. Valora esta actividade e reflexiona:



- Cres que era común na época?
- Pregúntalles aos teus avós e avoas como era a escola no seu tempo.
- Realizaches algunha actividade semellante con algún profesor ou profesora? Valora o que aprendería o alumnado de Fraguas con esta tarefa escolar.

O método de ensino de Fraguas é moi innovador, con influxo da Institución Libre de Ensinanza. Tratába de achegarlle ao alumnado “o máis próximo e coñecido para, desde esas realidades próximas, espertar o seu interese polo máis distante [...]. O dobre empeño de partir da observación directa do máis próximo, por un lado, e de crear unha afección cara ao que se aprende, polo outro, marcaron, de principio a fin, o seu labor como catedrático de ensino medio.”

- 3 Mira o filme *A lingua das bolboretas*, baseado na obra *Que me queres, amor*, de Manuel Rivas, e compara a forma de ensinar do mestre coa de Antonio Fraguas. Que semellanzas ves?
- 4 Busca información e diseña unha táboa comparativa na que amoses as diferenzas entre a educación republicana e a franquista. Relaciona cada sistema educativo coas causas históricas e ideolóxicas que lle serviron de contexto.


Castelao foi un referente para Antonio Fraguas. En 1945, no exilio, o rianxeiro pinta o cadro *A derradeira leición do mestre*; con el quere honrar a memoria dun amigo e compañeiro seu e á vez a todos os mestres da República represaliados na sublevación franquista. En 2019 tivemos a sorte de o podermos ver na Cidade da Cultura, na exposición *Castelao maxistral*.

- 5 Visita a páxina web da exposición e responde as preguntas:
<https://www.cidadedacultura.gal/gl/evento/castelao-maxistral-boa-obra-ao-mestre-honra>


- Onde se pintou *A derradeira leición do mestre* e onde se conserva?
- Describe o que se ve no cadro. Relaciónao co título da pintura.
- Descubre a que amigo quere honrar Castelao na obra.
- Por que cres que os mestres e mestras foron perseguidos no tempo da Guerra Civil?



6 Observa agora estas estampas de Castelao sobre a escola:



O ESCOLANTE ANDALUZ. ¿Cuánto año tiene?
—Non temos año ningún; temos unha ovella.



—¿Por que non queres ir á escola, rapaz?
—Porque... porque sempre me preguntan o que non sei.




—O mestre berroume porque dizen "Ollomol".
—Debeses dicir "Ojoblando".

- Que cres que quere representar o autor con estas estampas? Identifícaste co protagonista dalgunha delas?
- Cales pensas que teñen que ver co obxectivo de conseguir unha ensinanza en galego que defendían Castelao, Antonio Fraguas e os membros das Irmandades da Fala?

Ademais de Castelao e Fraguas, outros intelectuais loitaron por unha escola en galego nos tempos da República. Entre eles, podemos atopar a Josefa Iglesias Vilarelle, autora do primeiro *Método de lectura* en galego, por encargo do Seminario de Estudos Galegos.

7 Busca información sobre Josefa Iglesias Vilarelle e responde as seguintes preguntas:

- Cal era a profesión de Josefa Iglesias Vilarelle?
- En que grupo de intelectuais dos que xa vimos podemos incluíla?
- Por que cres que foi tan importante a publicación deste libro?
- Cres que foi de proveito para o alumnado da época?



Cando Fraguas comezou a escola, o acceso á educación non estaba garantido para toda a poboación e as taxas de analfabetismo e absentismo eran moi elevadas. Xa no instituto, o seu alcume, "o da aldea", do que se sentía orgulloso, evidenciaba que o alumnado de procedencia rural non adoitaba continuar estudos.

El lembraba a forma de ensinar do seu primeiro mestre, co que non aprendera nada, e a do da escola de Famelga, baseado na observación da contorna, talvez influído pola Institución Libre de Ensinanza. Na súa etapa docente, continuaría co seu xeito de ensinar. Ademais, apoiaría sempre o alumnado dos sectores menos favorecidos para que puidese acadar as súas metas no estudo.

8 Imos analizar en números a situación do ensino na actualidade. Despois, realizade un debate na clase e nel comparade a posibilidade de acceder á aprendizaxe hogano e nos tempos do noso autor.

- Coa axuda da páxina web do Instituto Galego de Estatística (IGE), recompila as porcentaxes de abandono educativo temperán total desde o ano 2000.
- Realiza unha análise estatística descritiva da variable aleatoria X, “porcentaxe de abandono educativo temperán en Galicia”. Inclúe os parámetros estatísticos e gráficos que consideres necesarios e analiza os resultados obtidos.
- A variable aleatoria X mencionada no parágrafo anterior pode estar relacionada con moitas outras variables socioeconómicas. En grupo, escollede unha variable socioeconómica do IGE, no ámbito galego, e fundamentade a hipótese de que ambas están relacionadas.

19



Exercicios sobre ciencias para saber máis:

<https://asxeirasdefraguas.blogspot.com/2019/03/cartel-6.html>

Cartel 7: O historiador e o xeógrafo


1 No discurso de ingreso na Real Academia Galega, Fraguas gabou a Castelao e falou da literatura oral popular. Velaquí tendes un fragmento da resposta do seu profesor e amigo, Otero Pedrayo:

“No discurso latexa toda a sensibilidade, o saber, a inorme confianza no vivir e no alén, o espírito ó mesmo tempo criador e lembradoiro, de Antonio Fráguas. Il rexo e doncel, calcado e levián, galego dos “bos e xenerosos” e por galego moderno e universal, namorado respetoso das formas artísticas populares e mestre nos saberes que lle dan sona brillante na xuventude inteileitoal da Galiza. Son eles, por riba de outros, a Geografía e a Etnografía, mais ben logo, en canto sexa pubricado seu libro sobre o Colexio compostelán de Fonseca, ha ser Fraguas aplausado como historiador.”

- En que data ingresa Fraguas na Real Academia Galega? Cal é o título do seu discurso?
- Que virtudes de Fraguas salienta Otero? Por que o considera dos “bos e xenerosos”?
- Destácao como mestre en dous saberes ou disciplinas, cales?
- Que libro de Fraguas está para saír do prelo? Que opinión ten Otero deste traballo?

2 Como afirma Otero Pedrayo, un dos traballos históricos máis importantes de Fraguas foi *Historia del colegio de Fonseca*.

- Quen foi Fonseca? En que época viviu?
- En que cidade está o colexio dedicado a Fonseca?
- Este colexio foi sede dunha institución moi vinculada con Fraguas. Cal?
- O edificio do colexio segue en pé. Que acolle hoxe en día?



3 Fraguas tivo especial interese pola cultura castrexa. Busca información sobre os castros:

- Que eran na súa orixe? Onde adoitaban estar situados? Por que?
- Todos os castros de Galicia están catalogados e en bo estado de conservación?
- Investiga cal é o castro máis próximo á túa localidade e fai unha descrición del.
- Coñeces algún topónimo no que apareza a palabra “castro”? Intenta buscarlle unha explicación.

20

4 Fraguas facía co seu alumnado excursións para catalogar castros. Buscade o que estea máis preto do centro e visitádeo. Debedes cubrir esta ficha de catalogación.

Nome:	[Debuxo do castro]
Localización:	
Propiedade:	
Descrición	
Estado de conservación	
Restos que podemos observar a simple vista	
Lendas que se coñecen na zona sobre el	

“Galicia é unha punta de Europa”. Pero é unha punta diferente das outras esquinas que tamén son puntas que se afunden no misterioso Océano e representaron cada unha no seu sitio, os fins da Terra. É unha terra diferente e moi ben deslindada inda que con puntos comúns coa zona veciña onde se identifican costumes, falares e parentes, mais sentindo cada un a identidade do terrón que pisa e onde ten a súa vida e maneira de vivir.”

“A ría de Vigo atópase protexida na súa entrada polas illas Cies e no interior a fermosa de San Simón [...]. Cerca de San Simón está Redondela e cerca o antigo cerre de Rande onde se puñan as cadeas pra gardar a ría, e que hoxe ten unha das pontes mais importantes de Europa.”


“A máis importante lagoa que había en Galicia era a de Antela ou de Beón. [...] Nos pastos que había nas terras húmidas criábase o clásico gando da Limia de color negro. Era un maravilloso lugar de aves e a xente decía que ahi estivera a cidade de Antioquía.”

- 5 Baseándote nestes fragmentos de “Galicia. A terra e o mar: A xeografía” de Fraguas, escribe un artigo sobre a diversidade de Galicia para un blog ou unha revista dixital de viaxes:
- 6 Fraguas catalogou diversos monumentos megalíticos e gravados prehistóricos. Descubre na seguinte sopa de letras 10 das denominacións que reciben.

P	E	D	R	A	F	I	T	A	S	1	_____	6	_____
O	F	I	L	G	O	R	T	E	P	2	_____	7	_____
C	I	S	T	A	P	B	N	X	H	3	_____	8	_____
I	M	A	M	O	A	I	Z	R	G	4	_____	9	_____
R	A	V	P	A	T	T	Q	V	N	5	_____	10	_____
I	P	N	N	S	T	R	A	E	E				
H	G	U	T	G	P	A	R	S	M				
N	H	V	L	A	P	A	C	R	L				
E	M	E	D	O	Ñ	A	A	R	O				
M	E	D	O	R	R	A	Z	T	D				

- Coñecedes algún topónimo baseado nun deses nomes? Mirade no buscador do Portal de Toponimia cantos aparecen: <http://toponimia.xunta.es/gl/Buscador>.
- Buscade na vosa contorna monumentos megalíticos e gravados rupestres e visitádeos. Recollede as lendas e contos asociados a eles, igual que facía Fraguas, e publicádeos no blog do voso centro.

- 7 Rodas Beach, in Illas Cíes, topped the list of the best beaches around the world, published in 2007 by The Guardian. Check the link below to read the article:
<https://www.theguardian.com/travel/2007/feb/16/beach.top10>
 Now write a similar report with a ranking of the best 10 Galician hill forts.



- 8 Na imaxe vese un conxunto de edificacións circulares características dos castros. Supoñamos que unha destas casas ten un raio de 2,4 m. Cal é a superficie total que ocupa?



Exercicios sobre ciencias para saber máis:

<https://asxeirasdefraguas.blogspot.com/2019/03/cartel-7.html>

Cartel 8: O etnógrafo

O 8 de maio de 1956, Antonio Fraguas le o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega. Leva por título “As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade”, o que dá mostra do seu amor pola súa terra e pola tradición, en especial pola literatura popular oral. Fraguas recolle as cantigas que botaban mozas e mozos nas ruadas, á noite, cando se reunían.

1 Relaciona cantigas e temas:

22

“Ben venido, ben venido, ben venido de chegada esa vosa ben venida éache ben deseada.”	COPLA DE DESAMOR
“Foches falar mal de min axunto dos meus amores, fai de conta que botaches auga por riba de flores.”	COPLA DE BENVIDA
“Cantan os galos o día Érguete, meu ben, e vaite. Como me hei d-ir, queridiña, como me hei d-ir e deixarte?”	COPLA DE DESPEDIDA
“Viva, viva quen me axuda viva quen me está axudando, vivan os señores todos que me están acompañando.”	COPLA DE SEPARACIÓN DOS AMANTES

Antonio Fraguas recolleu e publicou nas súas obras lendas, contos, ditos, refráns, adiviñas e cantigas que o amosan como un excelente transmisor da literatura oral popular. No seu libro *Festas Populares en Galicia*, describe todo tipo de celebracións festivas do noso pobo e recolle coplas relacionadas con elas.

2 Asocia as seguintes cantigas recollidas por Fraguas coa festa popular que representan:

“Con un sombreiro de palla un galego ó Portal foi, mentras adoraba ó Neno comeulle o sombreiro o boi.”	“Señora María, señor Manuel, castadas asadas e viño con mel.”	1 Magosto
		2 Casamento
“Hai, roxiña, roxiña do pelo! ven conmigo a mallar o centeo, o centeo, o centeo, a cebada, ¡ai roxiña, miña namorada!”	“Unha noite no muíño unha noite non é nada unha semaniña enteira esa sí que é muiñada.”	3 Nadal
		4 Muiñada
“A regueifa está na mesa, redondiña como un ovo é a primeira que canto non sei se lle darei modo.”	“Lévame no carro leva carreteiriño das uvas; lévame no carro leva comerei as máis maduras.”	5 Vendima
		6 Malla
“Velaí vén o maio cargado de flores; detrás vén San Xoán con outras millores.”	“Unha noite me pillaron nunha fiada de lan; unha noite me pillaron outra non me pillarán.”	7 Fiadeiro
		8 Maio

3 Relaciona cada partitura coa cantiga de festa correspondente. Unha vez as teñas identificadas toca o inicio coa frauta ou cun instrumento de láminas e faille un acompañamento de percusións.

1 Non chas quero 2 O cantar da vendimia

3 O aguinaldo

4 Canto de maio

1



2



3



4



*Non chás quero non chás quero, castañas do teu magosto,
non chás quero non chás quero, que me cheiran ó chamosco.*

4 Read the text carefully to discover our connection with Irish people.

Antón Fraguas was born in 1905 in Insuela, which is located in the parish of Santiago de Loureiro, Cotobade (Pontevedra).


Among many of the studies he published throughout his life, *Cantigueiro de Cotobade* (Cotobade's anthology) or *A festa popular en Galicia* (The popular festival in Galicia) stand out as two neverending sources of musical and cultural heritage. Scrolling through these books, we can easily see that Galician and Irish music share many features and characteristics. Let's have a quick look:

Most Irish music was originally meant for dancing at celebrations such as weddings, so many of the tunes are fast and light. This pattern was repeated in Galicia, where the sowing and the harvest weren't just labour but celebrations where people played and danced their favourite tunes.

Nowadays you can still find Irish popular music, but, as in Galicia, you must go to a small town or the countryside, where the atmosphere is more traditional and people gather at pubs and houses to sing and dance.

5 Based on Galician musical culture and the previous text, complete the following sentences:






- Irish music was first played at...
- Antón Fraguas books prove that Irish and ...
- Picking grapes and spreading seeds were...
- The best music sessions are...



6 Think about other ways in which Galician and Irish culture are connected and prepare an oral presentation. It must be 2 minutes long. You can check Antón Fraguas work online or at the school library. There are other interesting sources of information, such as:

<https://ejbonome.wordpress.com/about/the-irish-galician-connection/>

7 These are some traditional instruments in Irish music. Match the instrument to its name and then link it to its Galician counterpart:

				
concertina	bodhran	uilleann pipes	bones	flute
				
pandeiro	tarrañolas	requinta	acordeón	gaita

No limiar do seu libro *Romarías e santuarios*, Fraguas explica a relevancia que teñen en Galicia as manifestacións de fe: “Os camiños da terra galega senten cada ano o paso un tanto inquedo e o agudo troupelear dos romeiros, que fan, ó mellor, varias leguas para cumprir unha oferta ou rezar unha pregaría ó santiño que na isolada ermida ten o seu día de festa [...] Fagamos agora a romaría percorrendo camiños e carreiros, e fagámolo como unha pequena retribución por canto lle debemos á Providencia.”

De certo, no teu arredor, haberá algunha romaría popular. Tenta describirllela aos teus compañeiros e compañeiras: en que data se celebra, por que ese día e a quen se dedica.

- 8 As seguintes coplas escolmadas de *Romarías e santuarios* fan referencia a festas propias de varias comarcas galegas. Localiza no mapa as localidades nas que se celebra cada romaría:

1 “Vexo o Faro, vexo o Faro, E tamén vexo o Farelo, tamén vexo o Pico Sacro e ademais o Baceiro.”	2 “Indo para San Andrés aló no Porto do Cabo dixome unha caldupeira: - Romeiriño, ¿queres caldo? - Non, señora, que me escaldo. - Romeiriño, ¿queres viño? - Si, señora, un papadiño.”
3 “Na parroquia de Brión, que está no val de Mahía, hai unha santa famosa que lle chaman Santa Minia.”	4 “Rapazas de Vilanova, ben vos podeades gabar; que non hai Virxe no mundo coma a Virxe do cristal.”




- 9 Completade os ocos e cantade algunha destas coplas. Coñecedes unha versión diferente dalgunha delas? Recollede outras na vosa contorna e facede un cancionero dixital.

“O cariño que che teño e mais o que che hei de ____ colle na folla dun toxo e máis non a ha de encher.”	“A regueifa está na mesa, redondiña como un ____ é a primeira que canto non sei se lle darei modo.”	“O corazón dunha pulga quen a soupera guisar: daba xantar e ____ e cena para cenar.”
“Xa me dixo meu pai que te chame a bailar pero como non ____ non te podo chamar.”	“- Miña naiciña que eu morro. - Miña filla, confesión. As ____ que comiches ¿de que castiñeiro son?”	“Ese pandeiro que toco é de ____ de cacique; toca, meu pandeiro toca, toca, pra que te desquite.”
“Eu ben vín estar o moucho enriba d-aquel penedo non che teño____, moucho, moucho, non che teño____.”	“Eu collín a flor da xesta que é a primeira que vén, desde que te vín a tí non ameí a máis ____.”	“Vamos eu e tí meniña, vamos eu e tí e eu, vamos eu e tí meniña, apañar ____ de romeu.”
“Xan Guindán quere casar Non ten a muller buscada Foille facer o amor á filla da tía Xoana. -Boas ____ tía Xoana ¿onde lle vai a rapaza? - Foi buscar o gas prá noite xa me parece que tarda.”	“Moito eu chorei o domingo á____ que veña Lorenzo que diga a verdade, que diga a verdade pero con cautela túa nai é bruxa teño medo dela teño medo dela porque ela me____ túa nai é bruxa teu pai lubishome.”	“Unha pulga e unha mosca trataron de se casar fixeron as bolas xuntos e faltáballes o pan. Saleu a ____ Do seu formigueiro. -Se queredes ____ Eu son panadeiro.”

Cartel 9: O bibliófilo

- 1 No cartel 9 defínese a Antonio Fraguas como un “bibliófilo”. Busca o significado desta palabra. Compara o número de libros que chegou a posuír cos que tes na casa. Que diferenzas atopas?
- 2 Fraguas encárgase da biblioteca do Seminario de Estudos Galegos e impulsa a creación dunha hemeroteca.
 - Que é unha hemeroteca?
 - Cres que era un labor doado no seu tempo? Compárao coa actualidade.
 - Por que cres que quixo impulsar esta hemeroteca? Cal era o seu obxectivo?
- 3 Antonio Fraguas tamén se ocupa da biblioteca do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos. Busca información sobre esta institución:

- En que data se crea e con que finalidade?
- Quen forma parte del?
- Segue activo hoxe en día?



En 1994, Fraguas dóalle a súa biblioteca persoal ao Museo do Pobo Galego con estas palabras: “No día que deixamos o noso “tesouro” a sinxela biblioteca co pensamento na nosa terra e na nosa cultura”.

Era unha colección de 20.000 volumes aproximadamente, que foi compilando ao longo da vida.

- 4 Que novidades cres que mercaría Fraguas hoxe en día para a súa biblioteca? Debes facer unha procura nas webs das principais editoriais galegas para faceres a túa escolla.
- 5 Na páxina oficial do Museo do Pobo Galego (<http://museodopobo.gal/web/servizos-biblioteca.php?accepta=1&lang=ga>), podes ver un vídeo no que se destacan outros persoeiros que doaron, igualmente, os seus libros.
 - En parellas, elixide unha e ofrece datos básicos da súa biografía.
 - Que tiñan en común con Antonio Fraguas?

Ademais de publicar multitude de libros e artigos, Fraguas foi bibliotecario en diversas institucións.

No mundo editáanse millóns de obras cada ano e é preciso un método para as poder identificar e comercializar. Empregar o título da obra non sería útil.

Na actualidade empregamos o ISBN, (*International Standard Book Number*), un identificador único para cada libro utilizado desde 1970, o DNI dos libros.

Este número está formado por 10 díxitos que se reparten entre:

- O código do país ou lingua
- O código da editorial
- O número do artigo
- Un dígito de control

O dígito de control serve para comprobar que non se cometeu un erro nos anteriores. Primeiro multiplícase o primeiro número por 1, o segundo por 3, o terceiro por 1, o cuarto por 3, e así sucesivamente ata chegar ao número 12. A continuación súmanse os resultados, e o dígito de control é o número que se lle debe engadir á suma anterior para que sexa divisible por 10.

- 6 En vista do algoritmo anterior, coa axuda da calculadora comproba se os seguintes códigos ISBN das obras de Fraguas son correctos ou non. De non seren correctos, indica cal debería de ser o dígito de control correspondente.

Cantigueiro de Cotobade, ISBN: 9 - 78847492881 – 5


Lugo, ISBN: 9 - 78844007634 - 3

A festa popular en Galicia, ISBN: 9 - 78847492780 – 4

- 7 Agora que coñeces como se catalogan os libros fai unha procura das obras de Antonio Fraguas na páxina web da Biblioteca Nacional e localiza estas obras a través do ISBN.

Os libros requiren un especial coidado xa que poden sufrir enfermidades. Por unha banda, existen 180 xéneros de mofos destrutores do papel como *Aspergillus*, *Cladosporium* e *Pencillium*, ademais de bacterias como as *Cytophaga*, *Cellvibrium* e *Cellfacicula* que se nutren da celulosa do papel. Por outra, poden sufrir o ataque de insectos como a couza, a trilla ou os peixiños de prata.

- 8 Relaciona os insectos mencionados no texto coas seguintes imaxes:



Exercicios sobre ciencias para saber máis:

<https://asxeirasdefraguas.blogspot.com/2019/03/cartel-9.html>

Cartel 10: O director do Museo do Pobo Galego

- 1 Que é un museo antropolóxico? En Galicia hai máis museos destas características?
- 2 Procura na páxina web do Museo do Pobo Galego información sobre el. (<http://www.museodopobo.gal/web/edificio.php>)
 - En que cidade está?
 - A que se dedicou anteriormente o edificio do actual museo?
 - En que data comezou a funcionar como museo? Quen o cedeu?
 - A carón do Museo do Pobo Galego está a igrexa de San Domingos de Bonaval, onde se pode ver o Panteón de Galegos Ilustres. Cita seis persoas que estean alí enterradas e investiga a que se dedicaron.
- 3 Descubre na páxina do Museo do Pobo Galego (<http://www.museodopobo.gal/web/expo-permanente.php>) que salas permanentes ten.
- 4 Na sala dos oficios, aparecen coleccións de obxectos relacionados con algúns deles. Saberías dicir a que se dedica un...

1 latoeiro	4 serranchín	7 zoqueiro
2 albardeiro	5 pedreiro	8 canteiro
3 telleiro	6 oleiro	9 afiador

- Cres que algúns destes oficios poden ter futuro hoxe en día?

Antonio Fraguas dooulle ao Museo do Pobo Galego a ferramenta de seu pai, Manuel Fraguas, que era canteiro. Tamén o era o seu avó materno. Sabedes que os canteiros tiñan a súa fala peculiar? Chámase “verbo dos arxinas” ou “latín dos canteiros”. Así, podían falar entre eles sen que outras persoas os entendesen.

- 5 Para lle daren forma á pedra, os canteiros válense de distintas ferramentas. Ordena as sílabas para formar o nome dalgunhas:

- Martelo empregado para puír ou igualar a pedra: _____	DA XAR BU
- Barra de ferro terminada en punta, que utilizan os canteiros, albaneis, ferreiros etc. para furar, picar ou facer marcas: _____	RO TEI PUN
- Martelo de ferro, de mango curto e cabeza xeralmente troncocónica, usada polos canteiros: _____	TA MA CE
- Ferramenta recta e plana, acabada en corte, que se utiliza para labrar metal, pedra ou madeira, petándolle cun martelo: _____	CEL CI

En 1985, Fraguas escribe *El traje gallego*, unha obra na que afonda na vestimenta tradicional e nos seus complementos. Describe moitas variedades de traxes de gala e de faena.

- 6 Explica se as seguintes partes do traxe son de home ou de muller. Podes buscar información na Sección de Indumentaria do Museo do Pobo Galego (<http://museodopobo.gal/web/expo-sala-traxe.php?lang=ga>), en especial na súa audioguía do traxe.

Mantelo	Cirolas	Monteira	Faixa	Enagua
Dengue	Vasquiña	Refaixo	Pucho	Chambra

29

- 7 Realiza unha presentación sobre o traxe dalgún grupo de baile tradicional da túa zona. Explica se é un traxe de gala ou de faena e ilústraa con debuxos ou fotografías.

O Museo do Pobo Galego posúe unha importante colección composta por fondos etnográficos, obxectos arqueolóxicos e artísticos, parte deles doados por Antonio Fraguas.

Tamén conta cunha sala dedica á prensa e á imprenta.

- 8 Investiga na páxina do Museo (<http://www.museodopobo.gal/web/expo-sala-prensa.php>) sobre a chegada da imprenta a Galicia:

- En que ano e lugar se rexistra a aparición da primeira imprenta en Galicia?
- Cal é o título do primeiro libro impreso en Galicia no século XIX, o século do Rexurdimento?
- Cal é o título do primeiro xornal en galego? En que data comeza a publicar?
- Hoxe existe algún xornal que se publique diariamente en galego?

Antonio Fraguas foi locutor de Unión Radio Galicia, a primeira emisora de radio da nosa terra, que nun principio tiña os estudos en San Domingos de Bonaval e a antena na súa horta. Desde ela desenvolvíase un labor a prol da cultura do noso país (con sesións de música galega, conferencias e unha sección infantil). Conscientes do poder dos medios de comunicación, empregárona na campaña a prol do Estatuto de Autonomía.

Fraguas participou en varios programas en galego e mesmo radiou unha peza cómica na nosa lingua que fora premiada nun certame das Irmandades da Fala.

- 9 Investigade na biografía da RAG para saber que outras persoas interviñeron nestes programas. Realizade un programa de radio en galego sobre Antonio Fraguas, gravádeo nun *podcast* e publicádeo no blog do voso centro.

Fraguas tamén ten escritos sobre os xogos populares e os xoguete, entre eles “Juegos infantiles de Loureiro de Cotobade” (1943), o primeiro traballo que publica despois da Guerra Civil, en castelán, a diferenza de todos os anteriores.


- 10 Investiga a que xogo pode corresponder a imaxe e explica as súas regras.



30

- 11 Entrade na colección que aparece no web do Museo do Pobo Galego, elixide un xoguete e facede unha presentación para o resto da clase.

- 12 Agora facede o pasagalego que ides atopar na seguinte ligazón para descubrirdes todo o que xa sabedes da vida e da obra de Antonio Fraguas:



<https://asxeirasdefraguas.blogspot.com/2019/03/pasagalego-fraguas.html>



Exercicios sobre ciencias para saber máis:

<https://asxeirasdefraguas.blogspot.com/2019/03/cartel-10.html>

Bibliografía

VV. AA. (1930). "Mámoas do Saviñao. A anta de Abuime e a necrópole do Monte da Morá", *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos

Fraguas Fraguas, A. (1931). "O culto ós mortos". *Nós*, 1. Ourense: Sociedade Galega de Publicacións Nós

VV. AA. (1933). *Terra de Melide*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos

Fraguas Fraguas, A. (1975). "Preocupación polo tempo e os astros na creencia popular", *Boletín Auriense*, 5. Ourense: T. V.

Fraguas Fraguas, A. (1979). *Manuel Murguía. O patriarca*, Vigo: Banco Noroeste

Fraguas Fraguas, A. (1980). *Galicia. A terra e o mar. A xeografía. Historia de Galicia, I.*: Cupsa/Planeta

Fraguas Fraguas, A. (1985). *Aportacións ó cancionero de Cotobade*. Ourense: Fundación Otero Pedrayo

Fraguas Fraguas, A. (1990). *La Galicia Insólita: tradiciones gallegas*. Sada: Ed. do Castro

Fraguas Fraguas, A. (1991). *Galicia Máxica*. Santiago de Compostela: El Correo Gallego

Fraguas Fraguas, A. (1992). *Romarías e Santuarios*. Vigo: Grupo ACSA: Diario 16 de Galicia

Fraguas Fraguas, A. (1994). *Do entroido*. Santiago: Museo do Pobo Galego Fraguas Fraguas, A. (1995). *A festa popular en Galicia*. Sada: Ed. do Castro

Fraguas Fraguas, A. (1995). *O Colexio de Fonseca*. Consorcio de Santiago - Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos - Universidade de Santiago

González Pérez, C. (1998). *Antonio Fraguas Fraguas: profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben*. Vigo: Ir Indo

VV. AA. (2006). *Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999: Un home que traballou sempre "por e pra Galiza". Ofrenda no seu centenario*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Museo do Pobo Galego. Fundación Antonio Fraguas Fraguas

Rodríguez Castelao, A. D. (2015). *Cousas da vida. Nenos*. Vigo: Galaxia

Fraguas Fraguas, A. (2016). *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade* (discurso de ingreso na Real Academia Galega, 8 de maio de 1956), A Coruña: Real Academia Galega

Villanueva Gesteira, M. (2019). *Antonio Fraguas. Mestre da memoria*, Vigo: Galaxia

Cajaraville, H. (2019). *Antón Fraguas. O bo mestre, o mestre bo*. Vigo: Ed. Xerais

Webgrafía

Castelao Maxistral. Cidade da Cultura. Recuperado o 03/01/2019

<https://www.cidadedacultura.gal/gl/evento/castelao-maxistral-boa-obra-ao-mestre-honra>

CRTVG á carta. Recuperado o 23/11/2018

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/as-irmandades-da-fala>

CRTVG. Radio Galega. Diario Cultural. Recuperado o 17/01/2019

<http://www.crtvg.es/rg/destacados/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-09-01-2019-4005536?t=9>

Cultura galega. Mulleres no Seminario de Estudos Galegos. Recuperado o 23/11/2018

<http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=211>.

Encrucillada. Revista Galega de pensamento cristián. n.º 95. Recuperado o 02/01/2019

<http://encrucillada.gal>

Historia da Literatura Galega ASPG. Recuperado o 15/12/2018

<http://literaturagalega.as-pg.gal/etapas/a-etapa-contemporanea-s-xx/o-seminario-de-estudos-galegos-2>

Museo do Pobo Galego

<http://www.museodopobo.gal/web/edificio.php>

Real Academia Galega. Recuperado o 23/11/2018

<https://academia.gal/documents/10157/720214/Saude+e+Terra+irma%28n%29s.pdf>

Tabeirós Montes. Recuperado o 05/01/2019

<http://www.tabeirosmontes.com/a-interrupcioacuten-traacutexica-do-galeguismo.html#>

Fotografías

O fondo fotográfico do autor utilizado na elaboración dos carteis e da guía pertence ao Museo do Pobo Galego.

As imaxes da obra de Castelao pertencen á editorial Galaxia.

... por amor á nosa Terra

Antonio Fraguas Fraguas

IES ÁLVARO CUNQUEIRO DE VIGO



**XUNTA
DE GALICIA**